

CEIP PLURILINGÜE RICARDO TOBÍO

PROXECTO
EDUCATIVO DE
CENTRO



ESTEIRO – Muros (A Coruña)

Índice

I) ESTRUCTURA BÁSICA (aprobada no Cons. Escolar 5/3/2012)

1. Introducción
2. Análise do contexto
 - 2.1. Datos históricos.
 - 2.2. Situación xeográfica, socioeconómica e cultural do contorno .
3. O centro
 - 3.1. Orixe, situación e características.
 - 3.2. Instalacións.
 - 3.3. Profesorado, alumnado e persoal de servizos.
 - 3.4. Servizos complementarios.
 - 3.5. Relación coas familias.
4. As linguas
 - 4.1. Situación xeral das linguas no centro.
 - 4.2. Obxectivos tendentes a acadar a normalización.
5. Sinais de identidade
 - 5.1. Confesionalidade.
 - 5.2. Lingua de aprendizaxe.
 - 5.3. Coeducación.
 - 5.4. Liña metodolóxica.
 - 5.5. Pluralismo e educación en valores democráticos.
6. Obxectivos
 - 6.1. Obxectivos xerais.
 - 6.2. Obxectivos por etapas.
7. Estructura organizativa
 - 7.1. Agrupamento do alumnado.
 - 7.2. Adscrición do profesorado aos niveis (titorías).
 - 7.3. Órganos de representación e participación das familias e A.N.P.A.
 - 7.4. Xestión económica do centro.
8. Formas de colaboración co Concello, outras institucións e centros educativos.
9. Avaliación de diagnóstico.
10. Seguimento e avaliación deste proxecto educativo.

II) CONCRECIÓNS CURRICULARES (EN ANEXO I)

III) PLANS E PROXECTOS (EN DOCUMENTOS AXUNTOS)

1. Plan para a introdución e dinamización das TIC
2. Proxecto lector e plan de biblioteca escolar
3. Proxecto lingüístico
4. Plan de acción titorial
5. Plan de atención á diversidade

I) ***ESTRUTURA BÁSICA***
Proyecto Educativo

1.- Introducción.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece que os centros disporán de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión. No capítulo II, artigo 120, queda establecido que os centros docentes, dentro da autonomía que se lles outorga, deberán elaborar o seu propio proxecto educativo, partindo do seu contexto social e cultural, e considerando os principios que orientan as etapas educativas e os correspondentes currículos.

Seguindo a Serafín Antúnez (1987): "...o PE constitúe unha ferramenta que, a maneira de marco xeral de referencia, recolle a explicitación de principios e de acordos que servirán para guiar e orientar coherentemente as decisións que se tomen e as prácticas que as persoas e os grupos desenvolverán no centro ”.

Será un instrumento fundamental para levar a cabo unha xestión eficaz do centro e dar resposta a preguntas como ónde estamos, quén somos, qué queremos e cómo o imos conseguir. Partindo das necesidades específicas do alumnado, das peculiaridades do entorno e das características do centro, o PE fixará obxectivos, prioridades e estratexias de actuación aos que deberán cingirse todas as actividades do centro.

O PE, como conxunto coherente de declaración de intencións destinadas a dirixir un proceso de intervención educativa, terá que combinar os plantexamentos xerais que orientan a acción das estratexias específicas que faciliten dita intervención e a súa evolución. Trátase de elaborar unha clara delimitación dos fins perseguidos, establecendo o carácter propio que confire personalidade característica ao centro.

O presente documento abarca todos os aspectos que inciden na tarefa de formar e informar ao noso alumnado, coa finalidade de cumprir cos obxectivos tendentes a acadar unha educación integral. É un instrumento que servirá para a coordinación entre toda a comunidade escolar para levar a cabo os fins propostos. Consta de varios apartados nos que especificamos as características do centro, as necesidades educativas, a estrutura organizativa, os obxectivos e a avaliación, así como as relacións con outras institucións administrativas e culturais, de xeito que quede clarificado o que somos e o que queremos ser.

Este proxecto estará aberto e será sometido as revisións periódicas necesarias para facer os axustes pertinentes segundo as demandas que, en materia educativa, vaian xurdindo, coa finalidade de ser un documento operativo e vixente en todo momento.

Na elaboración deste documento tívose en conta o indicado na lexislación educativa que sinalamos a continuación:

- Lei de educación - L.O.E (Lei orgánica 2/2006 - DOG 05/05/06)
- Currículo de Educación Infantil L.O.E. (decreto 330/2009 do 4 de xuño - D.O.G. 23/06/09)
- Implantación, desenvolvemento e avaliación do segundo ciclo da Educación infantil LOE (orde do 25 de xuño de 2009 - DOG 10/07/09)
- Ensinanzas mínimas de educación infantil L.O.E. (Decreto 1630/2006 - D.O.G. 04/01/07)
- A avaliación na educación primaria L.O.E. (Orde do 23 de novembro de 2007 - D.O.G. 04/01/07)
- Currículo de Educación primaria L.O.E. (Decreto 130/2007 - DOG 30/11/2007)
- Ensinanzas mínimas de educación primaria L.O.E (Decreto 1513/2006 - D.O.G. 08/12/06)
- Decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (Decreto 79/2010 - D.O.G. 25/05/2010)
- Admisión de alumnado en centros públicos (Decreto 30/2007 - D.O.G. 16/03/07)
- Procedemento de admisión en centros públicos (17/03/2007 - D.O.G. 19/03/2007)
- Dereitos e deberes do alumnado e normas de convivencia en centros públicos (decreto 732/1995 de 5 de maio - BOE 02/06/95)
- Requisitos mínimos dos centros de segundo ciclo de Ed. Infantil, primaria e secundaria (Real decreto 132/2010 - BOE 12/03/2010)

- Funcionamento das escolas de educación infantil e primaria (orde 02/07/97 - DOG 02/09/97)
- R.O.C. - Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e primaria (decreto 374/1996 - DOG 21/10/96)
- Autonomía na xestión económica de centros docentes públicos non universitarios (decreto 201/2003 - DOG 04/04/03)
- Creación e regulación do observatorio galego de convivencia escolar - artigo 7 para centros educativos - (decreto 84/2007 - DOG 08/05/07)
- Establecemento da Xornada lectiva en sesión única de mañá (orde do 29/05/08 -DOG 06/06/08 que deroga a orde do 13 de abril de 1993)
- Avaliación diagnóstica na Comunidade Autónoma de Galicia (orde do 16 de febreiro de 2009 - DOG 23 de febreiro de 2009)
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15/07/11)
- Constitución Española de 1978

2.- Análise do contexto:

2.1.- Datos históricos

O CEIP “Ricardo Tobío” está situado na parroquia de Santa Mariña de **Esteiro**, dentro do concello de Muros, na provincia de A Coruña. Conta a lenda que Santa Mariña xurdiu do mar e deixou as súas pegadas en Parameán (as patudas) o que nos leva ao mito clásico da Venus - neste caso celta- que sae de entre as ondas mariñas nunha cuncha de nácara e que inspirou a tantos artistas, sobre todo no Renacemento.

A haxiografía oficial cristiá dinos que Mariña, filla dun sacerdote pagán, naceu en Xinzo de Limia (Ourense) nos primeiros anos do cristianismo e que xa, de moi nena, converteuse á fe cristiá. Cando tiña quince anos, o prefecto romano Olivio quixo casar con ela. Ao rexeitar a voda, denunciárona por ser cristiá e torturárona, botárona a unha fogueira e finalmente cortáronlle a cabeza. Dise que, como noutras vidas de santos, ao ser degolada, a súa cabeza deu tres botes e xurdiron tres fontes (tradición sacada de Santa Mariña de Augas Santas –Allariz-). Os peregrinos que acudían a Santiago, namorados do aroma desta santa, volvían estendendo a súa devoción polo camiño, de xeito que a súa fama chegou a moitos lugares, polo que, en Galicia, hai preto de cen parroquias dedicadas a Santa Mariña.

Aínda que, de momento, non se atoparon restos anteriores á era cristiá nesta parroquia, si existen topónimos e antropónimos que fan referencia a culturas antigas. Así, son de orixe celta palabras como “mallo”, “meán” ou “brea”. Tamén está no vocabulario latino o propio nome de Esteiro (aestuarius < aestu = marea).

Pero é no ano 830 (século IX) cando aparece o primeiro documento escrito que fala da igrexa de Esteiro formando parte da diocese de Iria Flavia (Padrón) dentro do territorio de Carnota.

Segundo investigacións feitas polo profesor Álvaro de las Casas (1901-1950) os árabes apoderáronse da illa da Creba (na que vivían os tamaricos na opinión do historiador Plinio) en 1115, onde descansaban, reparaban e facían incursións contra os cristiáns da desembocadura do Tambre. Hai datos de que tamén nesta illa unha grande tormenta afundira oito barcos e dous trincados cargados de sardiña en 1533, causando a morte a doce mariñeiros.

En 1582 Santa Mariña de Esteiro aparece como freguesía privativa de Muros con 24 coutos e nas memorias do Arcebispado de Santiago de 1603 a 1620, esta parroquia está incluída no Arciprestado de Entíns. En 1785, Santa Mariña de Esteiro, anexo de Santiago de Tal, correspondíalle á xurisdición de Corcubión e tiña como señor ao arcebispo de Santiago, cos lugares de Tras da Costa, Silvosa, RioMayor, Reboredo, Solleiros, Creo e Omayo.

Os patrianos (propietarios de lanchas xeiteiras) sometidos unicamente ao pagamento do dezmo eclesiástico dedicáronse durante séculos a arrincar os froitos do mar durante a temporada de pesca para o “gobierno do ano” e subindo as lanchas ao Artón para pasar o inverno.

Pero a vida cambiou sensiblemente coa chegada, a mediados do século XVIII dos inmigrantes cataláns, fomentadores especializados no salga procedentes das praias de Blanes, na provincia de Girona. Esta xente viña na procura de sardiñas e traían novas técnicas de pesca: unha arte chamada xávega de procedencia mediterránea que consistía nunha rede moi longa, xunto con outros aparellos como o bou ou boliche. A xávega non foi autorizada na nosa costa até abril de 1768 e o seu uso provocou en toda a costa galega múltiples protestas por parte dos pescadores que seguían empregando medios tradicionais como o xeito, a traíña ou a rapeta, e que, na ría do Tambre, en 1812 provocou unha auténtica guerra contra os cataláns que supuxo (como estudou o escritor Arturo Romaní) en Esteiro a queima de tres fábricas. No ano 1806 afíncase en Esteiro a primeira familia catalá, formada por Joseph Romaní i Ytllas e Rosa Cruz i Roca, e xa en Esteiro, en 1824 nacería o seu fillo José Romaní i Cruz, que casaría con Cándida Ferrer i Casellas e encetaría a saga dos Romaní esteiráns que tamén se estenderían por Muros, Portosín, Porto do Son e a Pobra do Caramiñal.

A mediados do mes de marzo de 1915, nace en Esteiro “LA PROTECCIÓN SOCIAL ESTEIRANA”, unha asociación agrícola, benéfica instrutiva, cooperativa e recreativa, fundada por Domingo Brea Olveira “O Tampudo” e Francisco García, secretario e presidente, respectivamente, da primeira Sociedade. Os estatutos que se aprobaron ese día (08-03-1915), expresaban claramente a filosofía que perseguía a sociedade: “... ajena a toda idea de lucro, que se propoñe agrupar en su seno a todos los agricultores de la localidad, sean pequeños propietarios o arrendatarios, así como a los que, desempeñando otra profesión o siendo obreros de cualquier industria residente en la localidad, desean acogerse a los fines que la sociedad persigue...”.

A creación en 1920 dunha escola, sufragada con fondos sociais cando non existía en Esteiro escola estatal algunha, fala por si só da importancia que para a Sociedade tiña a educación. A escola foi rexentada en principio por unha persoa que influíu dun xeito decisivo na evolución desta asociación, D. Francisco Rodríguez Suárez, que máis tarde chegaría a ser secretario da mesma. Don “Paco” deu clases na Sociedade até que en 1923 presentouse ás oposicións de mestres estatais, impartindo escola logo en Torea e Serres. O seu posto foi substituído por Dona Juana Lago Lojo, veciña de Muros, que tamén daría clases nocturnas para maiores. Cando foi creada a escola estatal, a Sociedade cedeu en aluguer o local que destinaba á escola social.

Bibliografía:

AGRELO HERMO, Xosé ; ABEIJÓN NÚÑEZ, Francisco. “*A Freguesía de Santa Mariña de Esteiro*”. Noia: Toxosoutos S.L. 2004

2.2.- Situación xeográfica, socioeconómica e cultural do contorno

A parroquia de Esteiro está enclavada nunha foz da beira norte da Ría de Muros e Noia, ao abrigo da enseada que forman dous pequenos cabos: a Punta da Cancelada e Casarrica. Esteiro está capitaneado por un monte pedregoso: a Pedra do Cadro. Con situación xeográfica (latitude: 42°47’N – lonxitude: 8°59’O) Esteiro é un pobo que xurde no estuario formado na desembocadura do río Maior, sendo de destacar pola súa beleza natural, entre outras, das áreas de Medrón, Portiño, Parameán e Agrocovo. Pero o accidente xeográfico máis característico da parroquia é, sen dúbida, a enigmática illa da Creba, situada no medio da Ría do Tambre.

Na actualidade a parroquia conta cuns dous mil habitantes, distribuídos nos lugares de Uhía, Portiño, Maio, Ribeira do Maio, Creo, Ribeira de Creo, Solleiros, Reboredo, Riomaio, Silvosa, Insuela, Pendente e Tras da Costa. Os lugares de Marselle e Laxe están practicamente deshabitados.

A parroquia está bastante ben dotada de servizos, tanto públicos como privados, en proporción ao seu poboamento.

A sanidade está atendida por un moderno Centro Médico de titularidade pública con catro profesionais da medicina (dous médicos e dous ATS). Tamén atenden a pacientes, de xeito privado, un dentista, un calista, un fisioterapeuta e un pediatra. Así mesmo, está aberta ao público unha farmacia.

Existen tamén outros servizos privados que fan máis doada a convivencia e indican a calidade de vida dos esteiráns: hotel, bares, restaurantes e cafeterías (os máis numerosos), carnicerías, carpinterías, ferreterías, floristerías, librarías, materiais de construción, panaderías,

pastelerías, perruquerías, peixerías, supermercados, talleres mecánicos, talleres de aluminio, tendas de deportes, tendas de mobles, tendas de pensos e sementes e tendas de roupa.

No eido cultural e deportivo, conta cun centro cultural (a Casa da Sociedade) na que se celebran conferencias, reunións, cursiños de todo tipo, ensaios e outras actividades de tipo cultural e informativo. Tamén conta co centro do Areal, onde se imparten obradoiros e clases de música (Escola Municipal de música). O campo de fútbol “A Salina” e o polideportivo “Xosé Lago” completan este servizo para a formación integral dos mozos e adultos.

Diversas asociacións veciñais (Asociación de Veciños “Parameán” e a Comunidade de Montes), de pais e nais de alumnos (ANPA do Ricardo Tobío), culturais (o Xeito e a Coral Santa Mariña), folclóricas (Xeitura e Agrocovo) e deportivas (SCRD Esteirana, seccións de fútbol, remo e atletismo), dotan a Esteiro de dinamismo no ámbito social.

3.- O centro

3.1.- Orixe, situación e características

A orixe do centro data do ano 1974, no que foi inaugurado como colexio público co nome de “Colegio Nacional Mixto Comarcal de Esteiro”. No 1982, pasou a chamarse “Colexio Público de Esteiro”, e xa, en xaneiro do ano 1994 cambiou a denominación pola de “Colexio Público Ricardo Tobío” coa aprobación do Consello Escolar do centro e a autorización da Consellería de Educación.

Este persoeiro (Ricardo Tobío Rama, *Esteiro 1988-1973*) foi un médico licenciado pola Universidade de Santiago de Compostela. Casado e con catorce fillos, exerceu a súa profesión sempre en Esteiro e comarca, onde adquiriu xusta sona pola entrega ao servizo dos demais até límites extremos de risco, como ocorreu máis dunha vez nos desprazamentos a cabalo que facía por zonas moi mal comunicadas.

O CEIP “Ricardo Tobío” está situado na rúa Freixeiros, nº 13. O enclave do recinto está apartado da estrada principal e o acceso a el non está en moi boas condicións, nin físicas nin de sinalización. O edificio principal está separado uns 100 metros da entrada ao recinto o que dificulta os accesos do alumnado e profesorado nos días de choiva e vento, aínda que dispoñemos dun pasadizo estreito feito hai poucos anos atrás.

Acolle ao alumnado procedente das parroquias de Tal, Torea, Abelleira e Esteiro, desde infantil de 3 anos ata 6º curso de primaria. Estamos adscritos ao IES “As Insuas” de Muros, e tamén temos adscrito ao noso centro, a EEI de Tal de Abaixo, do que se nos integra o alumnado en 1º de primaria.

3.2.- Instalacións

O colexio conta con dous edificios: un para atender a un grupo de alumnos de educación infantil, que consta só de planta baixa, e que se distribúe do seguinte xeito: un aula para o alumnado, un espazo para material didáctico dos mestres, os servizos de forma circular, e un vestíbulo con dúas saídas ó exterior.

O outro edificio (principal) consta de dúas plantas, un patio exterior cuberto que forma parte do mesmo edificio, desde o que se accede ao ximnasio, os vestiarios e duchas, un patio exterior onde hai pistas deportivas, dous corredores de acceso desde o portal exterior á entrada principal, zonas axardinadas e de terra.

Nun dos extremos do edificio principal, onde se sitúa a sala de usos múltiples, atópase tamén a caldeira da calefacción, que ten un acceso exterior. Desviado, a tres metros soterrado, está o tanque de combustible para uso da calefacción. Tamén está a antiga cociña cunha porta de saída ao patio exterior. A casa da conserxe sitúase no extremo oeste do edificio principal con dúas portas de saída, unha cara ao norte e outra cara ao sur.

Tódalas dependencias do edificio principal, excepto os servizos do profesorado, contan con ventás exteriores. As aulas teñen ventás coa amplitude suficiente para o número de alumnos/as e portas de dobre apertura.

3.3.- Profesorado, alumnado e persoal de servizos

3.3.1.- Profesorado

O cadro de persoal docente está formado polos/as seguintes mestres/as:

- 4 mestras de Educación Infantil
- 7 mestres/as de Educación Primaria
- 1 mestra de Filoloxía Francesa (actualmente ocupando unha titoría de primaria)
- 1 mestre de Educación Musical
- 1 mestre de Educación Física
- 2 mestras de Filoloxía Inglesa (unha delas, compartindo titoría en primaria)
- 1 mestra de Pedagogía Terapéutica
- 1 mestra d Audición e Linguaxe
- 1 mestre Orientador (compartido co “C.E.I.P. de Louro”)
- 1 mestra de Relixión Católica con docencia en Educación Infantil e Primaria

3.3.2.- Alumnado

A matrícula habitual media durante os últimos cursos anda en torno aos 180 alumnos/as, aínda que as perspectivas de futuro son as de ir a menos.

As ratios están arredor de 12/13 en Ed. Infantil e 17/18 en Ed. Primaria.

Os rapaces/as non presentan grandes problemas de comportamento e, en xeral, son respectuosos.

Usan a lingua galega de maneira maioritaria. Proceden, na meirande parte de ambientes socio-culturais e económicos medios. Destaca a escasa motivación ou interese pola lectura nas familias. A porcentaxe de alumnado que seguen cursando estudos ata alcanzar niveis superiores é baixa. Unha gran maioría intégrase no mundo laboral unha vez rematados os estudos obrigatorios.

A relación entre o alumnado é xeralmente amistosa e respectuosa. Non soen darse situacións de marxinación por ningún motivo. Habitualmente son colaboradores nas tarefas do colexio, tanto escolares como extraescolares e complementarias.

Cabe destacar a gran afición aos deportes e á música, xa que numerosos alumnos/as forman parte dalgunha agrupación deportiva, (sobre todo de fútbol e atletismo), ou de agrupacións culturais folclóricas. Tamén acoden, de xeito numerosos, á Escola Municipal de Música.

3.3.3.- Persoal de servizos

O centro conta con tres persoas contratadas polo Concello de Muros. Dúas persoas encargadas da limpeza, e un persoal subalterno coas tarefas de conserxería. O Concello tamén colabora no mantemento e execución de pequenas obras de arranxo ou mellora.

3.4.- Servizos complementarios:

O uso do transporte escolar gratuíto é maioritario, debido á dispersión das distintas parroquias que teñen como centro escolar este colexio. A distancia máxima acada os 10 quilómetros. O servizo está realizado por tres vehículos da compañía MONFORTE S.A. que completan tres itinerarios. Os autobuses chegan puntuais sobre as 9'20 - 9'25, e saen tamén puntuais, ás 14'30, tendo, os nosos alumnos, que compartir asentos co alumnado de Esteiro que ven do "IES As Insuas" de Muros.

O colexio non conta co servizo de comedor escolar.

3.5.- Relación coas familias

Existe boa relación entre o colectivo docente e os demais membros da comunidade educativa. A comunicación coas familias é directa e constante. Aínda que existe un horario de atención ás familias, sempre se lles dá facilidades para acudir ao centro noutro momento, se por diversas circunstancias, non poden vir nas horas sinaladas.

Está, así mesmo, establecido un horario de atención a familias, por parte do equipo directivo.

As relacións coa ANPA do centro, son boas, cunha disposición mutua de colaboración e implicación nas distintas actividades ou celebracións que se programan.

4.- As linguas

4.1.- Situación xeral das linguas no centro

No C.E.I.P. "Ricardo Tobío", a lingua materna da práctica totalidade do alumnado é o galego, polo que se fomentará o seu uso como lingua de aprendizaxe, respectando o dereito da minoría a utilizar a outra lingua cooficial da comunidade, o castelán, e cumprindo co establecido pola lexislación en vigor.

Así mesmo, o galego é a lingua utilizada normalmente para a comunicación entre o profesorado e o alumnado e, en xeral, entre todos os membros da Comunidade Escolar. Tamén é a empregada en tódolos escritos e comunicacións coa administración e en xeral con toda a comunidade educativa.

Labor destacada, aglutinando os esforzos de mestres/as, alumnos/as e demais membros da comunidade educativa, é a que realiza o *Equipo de Dinamización da Lingua Galega*, que ten como preocupacións fundamentais fomentar o uso do idioma galego en todas as situacións, galeguización do ensino respectando a lexislación vixente, dar a coñecer ao alumnado a cultura galega celebrando efemérides tradicionais, festas gastronómicas locais e culturais, elaborando material didáctico en galego e todo aquilo que axude a manter vivas as tradicións e a cultura propias do noso pobo. Este equipo solicita a Dirección Xeral de Política Lingüística, todos os cursos, unha subvención económica para levar a cabo actividades de promoción da lingua galega e elabora un proxecto no que se recollen as devanditas actividades que se realizan durante o curso.

De acordo coa lexislación vixente (Decreto 79/2010 do 20 de maio sobre o Plurilingüismo), o 5 de marzo de 2012, o Consello Escolar aprobou o "*Proxecto Lingüístico do Centro*" que figura como anexo deste *Proxecto Educativo*.

4.2.- Obxectivos tendentes a lograr a normalización

Coa elaboración e posta en práctica do citado *“Proxecto Lingüístico do Centro”* pretendemos acadar os seguintes obxectivos:

- Utilizar a lingua galega como medio de comunicación habitual nas relacións entre profesores, alumnos, pais e demais membros da Comunidade Educativa.
- Facer da opción lingüística un medio de expresión derivado de decisións persoais fomentando o respecto mutuo neste eido.
- Superar a discriminación social, individual ou colectiva derivada da infravaloración da lingua galega en algúns sectores sociais ata lograr a normalización plena do seu emprego.
- Velar porque todas as comunicacións, tanto internas como externas, sexan feitas en galego normativizado.
- Fomentar entre o profesorado e alumnado a cooperación e participación nas actividades que contribúen ao espallamento da cultura galega.
- Ampliar o coñecemento do vocabulario galego.
- Introducir o uso da lingua galega nos novos recursos tecnolóxicos e informáticos.
- Acadar paulatinamente competencias lingüísticas básicas nos alumnos sen dominio lingüístico nas dúas linguas oficiais, de xeito que poidan seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan.

5.- Sinais de identidade

O CEIP “Ricardo Tobío” declárase defensor da escola pública, independente de intereses privados, políticos e confesións relixiosas. Defende a liberdade de docencia do profesorado, establecida na Constitución Española, entendendo como tal a exposición sen adoutramento, proselitismo nin sectarismo; o enfoque persoal no labor docente, respectando a normativa establecida vixente e as opinións discrepantes. Defendemos unha xestión participativa de toda a comunidade educativa, baseada no pluralismo e nos valores democráticos. Fomentamos que as relacións entre os membros que participan na vida escolar estea presidida polo diálogo e a tolerancia, respectando aos demais en todo momento e rexeitando calquera comportamento discriminatorio.

5.1.- Confesionalidade

Como institución pública e, respectando o establecido na lexislación vixente, declarámonos aconfesionais, sendo respectuosos con todo tipo de crenzas relixiosas. Procurárase evitar a existencia no centro de simboloxía relixiosa, a nivel xeral, respectando, en todo caso, as decisións persoais e individuais ao respecto, e na aula específica destinada ao ensino da relixión católica.

5.2.- Lingua de aprendizaxe

A lingua materna predominante entre o alumnado que asiste ao centro é o galego, polo que se fomentará o emprego do mesmo na meirande parte das situacións educativas, respectando sempre, o establecido na lexislación vixente.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega terá encomendada a tarefa de fomentar o uso do galego en todos os ámbitos, de xeito que sexa valorado, evitando situacións diglósicas con respecto ao castelán, e tamén empregado como lingua habitual de expresión do centro nas diversas comunicacións que desde el se fagan.

En todo caso, cabe indicar que os aspectos relativos ao uso das linguas oficiais no centro, veñen claramente reflectidos no Proxecto Lingüístico do Centro, que se inclúe neste Proxecto Educativo.

5.3.- Coeducación

A convivencia no centro, sen prexuízos ou actitudes discriminatorias entre os dous sexos, é un dos fins prioritarios. Fomentarase que na práctica docente diaria se inclúan valores e actitudes que rompan cos estereotipos e roles asignados tradicionalmente a cada sexo, tentando acadar a verdadeira coeducación.

Procurarase a eliminación da discriminación contra a muller e a superación dos mitos e tabús, tendo un papel importantísimo, neste ámbito, a educación sexual.

Paralelamente, reforzarase a introdución dos diversos contidos das distintas áreas con contidos referentes ao ámbito da educación en valores, tan presentes e necesarios para a formación integral dos futuros cidadáns e cidadás responsables.

5.4.- Liña metodolóxica:

Consideramos a educación como un proceso integral que se desenvolve ao longo de toda a vida, como así o establece a LOE, cando marca como fin último o de “preparar aos alumnos/as para aprender por si mesmos”. Deste xeito, serán capaces de poñer en práctica unha serie de estratexias que lles permitan a súa formación ao longo de toda a súa existencia.

Por outra banda, entendemos a educación como un proceso no que o alumnado sexa o protagonista da súa propia aprendizaxe, sendo educado en todos os ámbitos (afectivo, social, etc.) e non só, no estritamente académico.

Para acadar estes dous grandes principios e, co fin de unificar criterios á hora de acordar unha metodoloxía a empregar en cada un dos ciclos, teremos en conta os seguintes aspectos da liña metodolóxica do noso centro:

- Facer que o alumnado participe do seu proceso de aprendizaxe, sendo o eixo central do mesmo.
- Estimular as capacidades de crítica, autocrítica, autonomía e responsabilidade na toma de decisións.
- A metodoloxía empregada debe ser transmisora de coñecementos, habilidades e valores que sirvan para a formación integral do alumnado e para a súa integración como cidadás con dereitos e deberes na sociedade.
- Estableceranse canles de coordinación entre os mestres/as dos distintos niveis, ciclos e etapas, de xeito que a liña metodolóxica sexa compartida, polo menos, nos seus aspectos fundamentais.
- Atenderase á diversidade do alumnado, entendendo como tal o feito de que todo neno/a ten que ser educado segundo as súas capacidades e características, e respectando o seu ritmo madurativo.
- Avaliarase todo o proceso de ensinanza e aprendizaxe, e tamén de práctica docente, de xeito que permita unha mellora constante e a adaptación á vida real do centro e das aulas en cada momento.
- Fomentarase, en todas as actividades plantexadas, o desenvolvemento da autonomía do alumnado.
- Terase en conta o punto de partida do alumnado, os seus coñecementos previos, para, partir dos cales, acadar unha reestruturación dos seus esquemas cognitivos que inclúa os novos aprendizaxes. Tratarase de integrar os novos coñecementos dun xeito funcional, aos que xa ten.
- Prestarase unha especial atención ao traballo colaborativo, fomentando, deste xeito, o respecto aos demais e ás súas características propias.
- Optarase por un traballo activo do alumnado, onde se potencie a súa capacidade de investigación e a súa capacidade de aprender por si mesmo.
- As competencias básicas deberán ser o eixo central de referencia do traballo no centro e nas aulas.

- Terase especial consideración coa educación en valores, que estará contemplada de maneira específica nas concrecións curriculares dos distintos ciclos.
- Fomentaranse actividades que supoñan o emprego das TIC's como fonte de información, potenciando o espírito crítico na selección das mesmas.

5.5.- Pluralismo e a educación nos valores democráticos

Co fin de fomentar no centro unha educación plural e impregnada en valores democráticos, potenciaranse os seguintes aspectos significativos:

- Situar o comportamento democrático, como punto de referencia de conduta dos membros da comunidade escolar.
- Favorecer as actitudes de tolerancia e diálogo como ferramentas indispensables para unha convivencia satisfactoria, onde todos e todas se poidan sentir partícipes e dotados de dereitos e deberes.
- Fomentar os debates entre distintas posturas que permitan coñecer os puntos de vista de todos e todas antes de tomar decisións e, cando sexa posible, chegar a acordos aceptados por todos e todas.
- Impulsar o respecto ás diferentes posturas e puntos de vista, fomentando un ambiente que permita a libre expresión das mesmas.

6.- Obxectivos

6.1.- Obxectivos xerais

Coa elaboración do presente Proxecto Educativo propoñémonos a consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- ❖ Lograr unha xestión democrática do centro escolar.
- ❖ Conseguir unha mellora continua na calidade do ensino.
- ❖ Establecer unha intervención e actuación pedagóxica acordada e coordinada entre os diferentes elementos que interveñen no proceso educativo.
- ❖ Crear un ambiente axeitado entre os distintos elementos da comunidade escolar que redunde na cooperación entre os mesmos.
- ❖ Acadar unha real atención á diversidade do alumnado.
- ❖ Promover a resolución de conflitos de maneira dialogada e pacífica, inculcando no alumnado este tipo de actitude.
- ❖ Promover valores como a solidariedade, a non discriminación e o respecto polo medio que nos rodea.
- ❖ Fomentar o uso das TIC's no centro escolar, no eido educativo, administrativo e de relación coas familias.
- ❖ Fomentar o interese polo bo funcionamento do centro.
- ❖ Dar a coñecer á comunidade escolar a labor levada a cabo polo centro.
- ❖ Promover unha avaliación reflexiva sobre o funcionamento do centro en tódolos seus ámbitos.
- ❖ Organizar os contidos e obxectivos entre os distintos ciclos de forma coherente e coordinada.
- ❖ Replantexarse a práctica docente en torno ás “competencias básicas”.
- ❖ Fomentar a colaboración e o traballo en grupo entre o alumnado e demais membros da comunidade escolar.

- ❖ Idear métodos de traballo que permitan respectar os distintos ritmos de traballo e evolución madurativa do alumnado.
- ❖ Fomentar a participación do alumnado e a implicación das familias nas actividades extraescolares e complementarias así como na A.P.N.A.
- ❖ Conseguir unha verdadeira educación baseada nos valores democráticos e cidadáns.
- ❖ Incluír nas concrecións curriculares, de forma transversal ás áreas, a educación en valores, segundo as indicacións feitas pola lexislación.
- ❖ Crear hábitos de respecto ás instalacións do centro e o coidado das mesmas.
- ❖ Fomentar a valoración e respecto polo esforzo individual e de grupo.
- ❖ Fomentar a participación do profesorado en actividades de formación, grupos de traballo e sesións formativas xa sexan formais ou non.
- ❖ Proporcionar ao profesorado os medios axeitados que permitan levar a cabo a coordinación co resto do profesorado e familias.
- ❖ Difundir o RRI, así como os restantes plans e proxectos, incluídos neste Proxecto Educativo, entre as familias e a comunidade escolar, empregando a páxina web do centro como vía de comunicación e información habitual.
- ❖ Establecer un uso racional dos recursos económicos e materiais do centro, facendo un análise das prioridades e situación dos recursos dispoñibles.
- ❖ Fomentar entre o profesorado o seu papel de “mediador” no proceso de ensino-aprendizaxe fronte a visión tradicional de mero transmisor de coñecementos, de xeito que se acaden aprendizaxes verdadeiramente significativos entre o alumnado.
- ❖ Fomentar o uso da lingua galega en todos os eidos, normalizando, valorando e dinamizando o seu uso no centro.

6.2.- Obxectivos por etapas

Para cada unha das dúas etapas que existen no CEIP “Ricardo Tobío”, establecemos os seguintes obxectivos xerais, que serán tidos en conta nas respectivas concrecións curriculares, nas programacións de ciclo e aula e na práctica docente diaria.

6.2.1.- Educación Infantil (2º ciclo)

- ♣ Desenvolver no alumnado o coñecemento de si mesmo, do seu corpo e dos demais, as súas posibilidades de acción aprendendo a respectar as diferenzas.
- ♣ Fomentar no alumnado a adquisición progresiva da autonomía nas súas accións .
- ♣ Potenciar a observación entre o alumnado do seu ámbito familiar, contorno social e natural.
- ♣ Acadar que o alumnado desenvolva as súas capacidades afectivas.
- ♣ Fomentar a resolución dialogada dos conflitos e o respecto ós demais e as súas opinións.
- ♣ Fomentar que o alumando acade o maior desenvolvemento posible, respectando o seu ritmo madurativo, en habilidades comunicativas, sociais así como na súa aproximación ás habilidades lóxico-matemáticas e lecto-escritoras.
- ♣ Fomentar entre o profesorado do ciclo actitudes de cooperación e colaboración reais.
- ♣ Organizar os contidos educativos e a súa posta en práctica na aula partindo dos ámbitos de experiencia do alumnado, empregando

recursos e materiais da vida real.

- ♣ Empregar un enfoque globalizado na práctica docente, aportando os recursos e organización que o fagan posible.
- ♣ Acadar aprendizaxes realmente significativos empregando a aprendizaxe por descubrimento, o conflito cognitivo, as aprendizaxes funcionais e un enfoque construtivista da aprendizaxe que permita a reorganización dos esquemas cognitivos do alumnado.
- ♣ Respetar a lingua materna do alumnado seguindo as indicacións feitas pola lexislación vixente ao respecto.
- ♣ Fomentar o emprego do traballo en grupo entre o alumnado como fonte enriquecedora de aprender dun xeito global.
- ♣ Fomentar unha organización das unidades de E.I. que permitan levar a cabo os obxectivos plantexados para esta etapa.
- ♣ Basear os métodos de traballo nas experiencias do alumnado, na creación dun ambiente de confianza e seguridade na aula e na potenciación da súa autoestima e integración social.
- ♣ Dotar ós docentes dos recursos materiais e humanos que permitan a consecución destes obxectivos así como de dispoñer de tempos para a coordinación entre os mestres do ciclo.
- ♣ Potenciar a labor do Equipo do 2 ° ciclo de Educación infantil, aportando aqueles recursos e organizacións que consideren oportunos e estudando as súas suxestións e ideas sobre o funcionamento do centro.
- ♣ Acadar unha transición á primaria sen saltos e coordinada entre as dúas etapas, para o que deberán establecerse mecanismos de coordinación entre os ciclos implicados.
- ♣ Fomentar a participación activa das familias, tanto no eido escolar como nas actividades extraescolares e complementarias.
- ♣ Empregar a páxina web do centro como portal de información cara á comunidade escolar do levado a cabo na etapa, así como fomentar o emprego das TIC's segundo indicado no Plan para a introdución das novas tecnoloxías.

6.2.2.- Educación Primaria

- ♣ Acadar no alumnado o desenvolvemento persoal, adquirir habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral, á lectura á escritura e o cálculo, así como desenvolver as habilidades sociais, os hábitos de traballo e estudo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade.
- ♣ Adaptar a acción educativa aos distintos ritmos de traballo do alumnado.
- ♣ Fomentar no alumnado o coñecemento dos valores e normas de convivencia, aprendendo e obrando de acordo a elas.
- ♣ Desenvolver no alumnado hábitos de traballo individual e en equipo (traballo cooperativo).
- ♣ Potenciar no alumnado a adquisición de hábitos para a prevención e solución dialogada dos conflitos.
- ♣ Potenciar no alumnado o coñecemento e respecto polas diferentes culturas, opinións, creacións e diferenzas entre as persoas.
- ♣ Conseguir que o alumnado coñeza e empregue as dúas linguas oficiais da comunidade autónoma galega: galego e castelán.

- ♣ Fomentar a adquisición de competencia comunicativa nunha lingua estranxeira: inglés
- ♣ Acadar no alumnado o desenvolvemento de todas as competencias básicas establecidas polo currículo.
- ♣ Acadar aprendizaxes realmente significativos fomentando o uso da aprendizaxe por descubrimento, o conflito cognitivo, as aprendizaxes funcionais e un enfoque construtivista da aprendizaxe que permita a reorganización dos esquemas cognitivos do alumnado.
- ♣ Respetar a diversidade lingüística do alumnado nos termos indicados pola lexislación vixente.
- ♣ Fomentar unha organización e distribución das aulas entre os distintos niveis e áreas que permita a mellor consecución dos obxectivos plantexados.
- ♣ Basear os métodos de traballo nas experiencias do alumnado, na creación dun ambiente de confianza e seguridade na aula e na potenciación da súa autoestima e integración social.
- ♣ Dotar aos docentes dos recursos materiais e humanos que permitan a consecución destes obxectivos así como de dispoñer de tempos para a coordinación entre os mestres do mesmo ciclo.
- ♣ Potenciar o labor dos equipos de ciclo, aportando aqueles recursos e organizacións que consideren oportunos e estudando as súas suxestións e ideas sobre o funcionamento do centro.
- ♣ Acadar un “transito” entre a Ed. Primaria e a E.S.O para o cal se establecerá un plan que permita a coordinación entre os centros educativos implicados e os docentes de ambas etapas educativas.
- ♣ Fomentar a participación activa das familias tanto no eido escolar como nas actividades extraescolares e complementarias.
- ♣ Empregar a páxina web do centro como portal de información á comunidade escolar do levado a cabo na etapa, así como fomentar o emprego das novas tecnoloxías segundo indicado no Plan para a introdución das T.I.C’s

7.- Estrutura organizativa

7.1.- Agrupamento de alumnos:

Co fin de organizar os recursos humanos dispoñibles no centro e optimizar o funcionamento do mesmo, establecemos os seguintes criterios para o agrupamento do alumnado:

- Na Educación Infantil, ao existir unha unidade por cada nivel, o alumnado agruparase no que lle corresponda pola súa idade.
- Na Educación Primaria, o alumnado será asignado segundo a súa idade no nivel que lle corresponda, de 1º a 6º. Serán incluídos, ademais, aqueles alumnos/as que non promocionaron ao final do seu ciclo. No caso de existir máis dunha unidade nun mesmo nivel, os criterios de agrupamento, por orde de prioridade, serán os seguintes:
 - Repartir equitativamente o alumnado con necesidades educativas especiais, e sobre todo, se dispoñen de Adaptación Curricular.
 - Repartir equitativamente o alumnado repetidor.

- Repartir equitativamente o alumnado por orde alfabética, comezando polo curso que leve a letra A.
- No caso de novo alumnado matriculado xa comezado o curso, en primeiro lugar, teranse en conta os dous primeiros criterios, e se non é o caso, asignarase ao curso que teña menor ratio. En caso de ser cursos equilibrados, incluírase no que lle corresponda por apelidos.

7.2.- Adscrición do profesorado:

Segundo o indicado no punto 2.1.3. do R.R.I do centro, a adscrición do profesorado aos distintos niveis e unidades do centro, terá en conta o indicado na lexislación vixente tentando respectar a continuidade do mesmo mestre/titor co mesmo grupo de alumnos ao longo de cada ciclo. En todo caso será competencia última do Director, a instancias da Xefatura de Estudos, á asignación das titorías ao persoal do centro.

En función das necesidades organizativas do centro, os mestres/as especialistas poderán ser adscritos a un grupo de alumnos/as como titor/a, sendo de aplicación os termos anteriormente indicados.

Cada unidade (grupo de alumnos), tanto as de Educación Primaria como as de Educación Infantil, terá asignado un titor/a, que será designado na primeira reunión de claustro do cada curso.

Así mesmo, cada mestre/a terá a obriga de integrarse nun equipo de ciclo. Os titores/as son asignados automaticamente no ciclo onde imparten clase. Os especialistas elixirán, na primeira reunión de claustro, e unha vez coñecidas as asignacións de clases, o ciclo no que se integrarán, respectándose, en todo caso, o equilibrio no número de persoas que completen os equipos. Ademais, cada mestre/a tamén terá que formar parte dun grupo ou equipo do centro: Equipo de Biblioteca, Equipo de Dinamización Lingüística ou Equipo das TIC's.

7.3.- Órganos de representación e participación dos pais/nais e A.N.P.A.

Existe no centro unha Asociación de Nais e Pais, constituída segundo as indicacións da lexislación ao respecto. Con independencia das atribucións e funcións legalmente asignadas á mesma, establécense no noso centro as seguintes formas de representación dos pais/nais.

Os pais/nais están representados no Consello Escolar nos termos indicados no apartado correspondente, coas funcións e representatividade que lles asigna a lexislación ao respecto. Corresponde, no noso centro, unha representación de cinco pais/nais.

A A.N.P.A ten un representante no Consello Escolar, dentro dos cinco indicados, nos termos anteriormente indicados e coas funcións e representatividade que lle asigna a lexislación.

Ademais desta representación dos pais/nais, propoñemos as seguintes actuacións para a participación dos pais/nais e os seus órganos de representación no centro:

- ❖ Fomentarase a participación activa das familias no proceso educativo do alumnado, non só informándoos da evolución do mesmo senón incluíndoos en actividades e outros actos educativos que teñan lugar no centro.
- ❖ Colaborarase coa A.N.P.A na difusión das actividades extraescolares organizadas por ela.
- ❖ Fomentarase a participación das familias nas celebracións e outras actividades levadas a cabo no centro.
- ❖ Estableceranse canles de diálogo e colaboración cos representantes da A.N.P.A

7.4.- Xestión económica do centro: comisión económica:

Como centro educativo público, e segundo o indicado no decreto 201/2003, o **C.E.I.P. “Ricardo Tobío”** dispón de autonomía na xestión dos seus recursos económicos nos termos establecidos polo citado decreto.

De xeito anual elaborárase un orzamento onde se indique a previsión de ingresos e gastos. Para a elaboración deste orzamento, o secretario ou a persoa encomendada polo director elaborará un anteproxecto que deberá ser revisado e aprobado pola comisión económica, pasando nese momento a constituírse como proxecto de orzamento. Este proxecto de orzamento, tras ser aprobado polo consello escolar, será remitido á Consellería de Educación.

Anualmente levarase a cabo a xustificación dos gastos, segundo o orzamento plantexado, empregando para esta xustificación o procedemento indicado pola Administración.

A comisión económica do centro constitúese no seo do Consello Escolar (decreto 374/1996 artigo 44º) e está formada polo Director, o Secretario, un mestre/a e un pai/nai, ámbolos dous, membros do Consello Escolar. Esta comisión ten as competencias e atribucións asignadas pola lexislación.

8.- Formas de colaboración co concello, outras institucións e centros educativos

Entre o colexio e o Concello de Muros existe unha colaboración habitual en diferentes aspectos:

- Colabórase coa concellería de Servizos Sociais cando xorde algunha problemática que afecta a alumnado con situacións familiares complicadas.
- Participación do Centro na “Mostra de Teatro Xosé Agreló” que convoca anualmente o concello.
- Participación asidua en obradoiros, campañas, exposicións ou concursos que organiza o concello.
- Cesión, por parte do concello, de monitores para diferentes actividades extraescolares de tarde que se celebran no centro.
- Cesión dun palco, por parte do concello, nas actividades organizadas polo centro, cando é preciso.

Con outros centros educativos:

- Co IES “As Insuas”, como centro de secundaria no que estamos adscritos, en todas as cuestións pedagóxicas e organizativas que sexan relevantes no paso da etapa primaria á secundaria. Mantéñense reunións habituais e, todos os anos, organízase unha visita ao IES, para alumnos e pais de 6º de primaria. A colaboración no envío de documentación necesaria tamén é mutua.
- Coa EEI de “Tal de Abaixo”, como centro de infantil adscrito ao noso, en todas as cuestións pedagóxicas e organizativas que sexan relevantes no paso da etapa infantil á primaria. O contacto coa escola de infantil é continuo. Invítase a participar na maior parte das celebracións, actos ou actividades que organizamos no noso centro. Todos os cursos, realizan unha visita ao noso centro, para que coñezan o colexio onde estudarán a primaria.

- Cos outros centros de infantil e primaria do concello, o CEIP “Ramón de Artaza e Malvárez” de Muros e o CEIP “Agra da Filgueira” de Louro, no mantemento de comunicacións e axuda con dúbidas que poden xurdir na xestión dos centros.
- Con outros centros da comarca, na organización e participación nas “Xornadas de Xogos Tradicionais” de frecuencia anual.

Con outras institucións:

- Coas asociacións culturais existentes na parroquia, na cesión dos locais do centro, para actividades relacionadas cos seus fins. Así mesmo, na difusión de publicidade que xeren para ditos ou outros actos.
- Con organizacións sindicais, facilitando as visitas ao centro en horarios axeitados.
- Con institucións policiais, na organización de charlas, para alumnado ou familias, relativas a temas de seguridade.
- Con institucións sociais, na organización de charlas, para alumnado ou familias, relativas a temas de actualidade social, como drogas, conflitos, hábitos, valores, etc.

9.- Avaliación de diagnóstico

Na orde de 16 de febreiro de 2009, regúlase o indicado na L.O.E sobre a posta en práctica dunha avaliación nos centros educativos denominada Avaliación de Diagnóstico.

As datas e procedemento desta avaliación, a levar a cabo en cuarto de primaria, serán as indicadas pola Administración en cada caso.

Para levar a cabo esta posta en práctica, e segundo o indicado na mencionada orde, constituirase, ao principio de cada curso, unha comisión de coordinación da avaliación diagnóstica. Dita comisión estará formada, en cada avaliación plantexada, polo Director/a, o/a Xefe/a de Estudos, o/a Orientador/a e os titores do nivel (cuarto de primaria) no que se leva a cabo a avaliación de diagnóstico en cada curso.

A esta comisión encoméndanselle as funcións indicadas na orde que regula a avaliación de diagnóstico.

É función do equipo directivo manter a confidencialidade das probas remitidas pola administración e da posta en práctica da mesma, seguindo as indicacións feitas desde a Administración ao respecto.

A comunicación dos resultados á comunidade escolar, levarase a cabo nos termos indicados pola lexislación aplicable así como polas instrucións remitidas desde a Administración.

10.- Seguimento e avaliación deste Proxecto Educativo.

O presente proxecto educativo, tras ser aprobado polo Consello Escolar, será avaliado por dito órgano colexiado de forma continua, de xeito que poidan facerse nel melloras que permitan un maior grao de consecución dos obxectivos plantexados. En relación co anteriormente indicado, o consello escolar avaliará a consecución dos obxectivos do Proxecto Educativo, na última reunión de cada curso escolar, facendo as suxestións que considere oportunas para a súa mellora. Do mesmo xeito, tanto a proposta do claustro de mestres/as, como dos equipos docentes, incluíranse as modificacións que se consideren axeitadas nos distintos plans e concrecións curriculares. Estas propostas serán levadas ó Consello Escolar, para a súa discusión e aprobación, se fose o caso.